

SOS
RACISMO

Galicia



MEMORIA ANUAL 2017



ÍNDICE



"Cando unha lei é inxusta, o correcto é desobedecer"

Mahatma Gandhi

Quen somos

Construíndo pontes

Derrubando muros

En cifras

Mboy moe dole

Somos tod@s

A nosa visión

Actividades e
proxectos

Denuncia social e
sensibilización

Contas e financiación

Colaboración e
participación

Agradecementos

QUEN SOMOS

SOS RACISMO GALICIA é unha organización sen ánimo de lucro, independente, laica, multicultural e plural, que se enmarca dentro da Federación de Asociacións de SOS RACISMO do Estado español.

Os principais fins que perseguimos son:

- ✓ ***Incidencia Política e social:*** loitar contra calquera forma de discriminación por razón de cor de pel, orixe, cultura ou relixión que se poida dar tanto a nivel social como político.
- ✓ ***Sensibilización:*** Difundir valores, actitudes e prácticas para que a poboación recoñeza, acepte e normalice o carácter pluricultural e multirracial da sociedade galega, e valore positivamente a riqueza que ofrece a diversidade e a interculturalidade.

- ✓ ***Inclusión:*** Promover a inclusión social de persoas migrantes ou pertencentes a minorías étnicas a través do asesoramento e formación en materia de dereitos e acceso en igualdade de oportunidades.

O noso eido de acción é a Comunidade galega, onde traballamos conxuntamente con outras entidades locais para achegar o noso traballo á maior cantidade posible de persoas e ampliar a área de incidencia da entidade.


Ademais coordinámonos coas entidades pertencentes á Federación de Asociacións de SOS Racismo do Estado Español para acadar que a nosa actividade teña repercusión a nivel nacional.

CONSTRUÍENDO PONTES, DERRIBANDO MUROS



ORIENTACIÓN E FORMACIÓN

**OFICINA DE INFORMACIÓN
E DENUNCIAS**




**SERVIZO DE MEDIACIÓN
INTERCULTURAL**

CONCIENCIACIÓN



DENUNCIA SOCIAL



Oficina de información e denuncia en materia de Racismo e Xenofobia

SOS Racismo Galicia ofrece un espazo de información e denuncia para aquelas persoas que teñan sido vítimas ou testemuñas de comportamentos racistas ou xenófobos, que teñan provocado agresión, vulneración dos dereitos fundamentais, aplicación desigual de dereitos e da igualdade de oportunidades. Actualmente dispoñemos de dúas oficinas de atención dentro do territorio galego: unha na Coruña e outra na cidade de Vigo.

As OID expoñen tres liñas de intervención fundamentais:

- ✓ **Información e asesoramento:** Ofrecemos asesoría integral e gratuíta a toda persoa que teña sido vítima ou testemuña dunha actitude racista ou xenófoba ou ben teña sospeitas do exercicio de situacións discriminatorias.
- ✓ **Resarcimiento do dano:** O principal elemento diferencial das nosas OID é que tratamos non só de visibilizar o delito que sofren estas vítimas, senón que damos un paso máis aló, tratando de loitar tanto por unha condena xudicial que penalice aos causantes destes delitos, como pola necesidade da



persoa que sofre o delito de sentirse protexida e recoñecida socialmente como vítima.

- ✓ **Prevención dos delitos xenófobos, racistas e de odio.** As nosas OID traballan na prevención deste tipo de comportamentos en todos os espazos da nosa sociedade. Traballamos promovendo posicións proactivas cara á diversidade en rede con outras entidades e movementos sociais, xunto a centros educativos, profesionais, universidades, organizacións de mulleres, etc. desde idades temperás.

Que ofrecemos?

- ✓ **Apoio xurídico e administrativo** a aquelas persoas que fosen vítimas de discriminación racista e/ou xenófoba.
- ✓ **Denunciamos** calquera tipo de feito discriminatorio.
- ✓ **Mediamos** en caso de conflito cultural.
- ✓ **Informamos** dos seus dereitos ás persoas pertencentes a minorías étnicas.

- ✓ **Documentamos** os casos de racismo e xenofobia que teñen lugar en Galicia para a súa posterior publicación nos Informes Anuais sobre o Racismo no Estado español.

Resumo Informe Anual 2017

É en 2014 que SOS Racismo Galicia se reconstitúe na Coruña de mans dunha nova xunta directiva e comeza a formar parte da Federación de Asociacións de SOS Racismo do Estado español e, polo tanto, participa na elaboración do Informe anual sobre Racismo e Xenofobia no Estado español.

A primeira fonte para a elaboración do devandito Informe Anual constitúena as vulneracións e denuncias que se recollen nas Oficinas de Información e Denuncia (OID) en Galicia (A Coruña e Vigo) e que corresponden a diferentes tipos de discriminación por motivos racistas: discriminación laboral, no acceso a prestacións públicas, conflitos veciñais, etc.

Durante o ano 2017 recolléronse un total de **70 vulneracións de dereitos**, das cales destacan polo seu volume as

correspondentes ao racismo institucional (tanto directo como indirecto) e os abusos cometidos polas forzas de seguridade pública ou privadas. As 70 denuncias teñen nomes e apelidos, son persoas que viron violentados os seus dereitos por cuestións de trazos fenóticos, de orixe, relixiosos ou étnicos. Unha parte destas vulneracións foron obxecto de procedementos xudiciais, que en moitos casos rematarán de maneira insatisfactoria para a persoa denunciante. Porque se xa resulta difícil que un órgano xudicial aprecie o agravante de racismo nunha acción delituosa, conseguir a reparación da vítima perante actuacións discriminatorias no ámbito privado ou das relacións laborais resulta un labor complicado que require ferramentas legais e eficaces coas que non contamos hoxe en día.

Malia dispoñermos da posibilidade de rexistrar casos de discriminación desde calquera lugar de Galicia a través da nosa páxina web, (www.sosracismogalicia.org), o certo é que a implantación territorial e os propios medios cos que conta cada unha das oficinas establecida en Galicia condiciona o número

de casos recollidos. E por iso que a alteración estadística de casos recollidos en A Coruña fronte ó resto de provincias é notablemente moi superior, ó ser a única localidade que durante



o último trimestre de 2017 contou con aportación económica a través do Concello da Coruña para este servizo.

Sen pretender ofrecer un estudo cuantitativo do número de incidentes discriminatorios producidos en Galicia durante o ano 2017, cremos que a mostra de 70 casos que ofrecemos a continuación supoñen un reflexo cualitativo da discriminación nas súas diferentes tipoloxías que nos aproxima a unha realidade que transcende o ámbito penal dos delitos de odio e que polos motivos arriba explicados (diferenza entre feito discriminatorio e feito denunciado, limitacións da entidade, etc.) resulta imposible cuantificar con precisión.



Servizo de Mediación Intercultural

Que é o SAMI?

O SAMI é un servizo que procura mellorar a convivencia intercultural do conxunto da poboación, establecendo para tal fin, canles de comunicación e de entendemento que parten dunhas firmes concepcións de igualdade e de respecto entre as diversas culturas.

Que ofrece o SAMI:

Servizo especializado de Mediación Intercultural e/ou Traducción e Interpretación sociocultural e lingüística.

- Coñecemento en profundidade de diferentes culturas.
- Manexo de diferentes idiomas.
- Amplo coñecemento dos recursos da sociedade de acollida.



A intervención do SAMI pode direccionarse cara calquera eido (laboral, sanitario, educativo, xurídico-administrativo...), beneficiando a súa acción a toda a sociedade.

Durante o ano 2017 leváronse a cabo máis de **500 horas** de mediacións interculturais repartidas en 385 mediacións de diferentes índoles que ían desde o ámbito sanitario, até o de vivenda, sanidade, etc.

Cómpre destacar que o que máis demandan as persoas beneficiarias do

servizo son as mediacións relacionadas coas prestacións sociais. Como podemos observar na gráfica, o 48% das mediacións recollidas no 2017 foron desta índole. Por debaixo desta, cun 13% atopamos as mediacións no eido da sanidade, que crecen paulatinamente debido á falta de entendemento, non so co persoal sanitario, senón co persoal administrativo do Sergas, que en moitas ocasións rexeitan a recollida de documentación.

Por outra banda, cun 10% dos casos, nos atopamos coas mediacións relacionadas cōa área educativa. Moitas delas están vencelladas á falta de entendemento do funcionamento do sistema educativo no noso país, e a complexidade que isto supón. Por debaixo desta achamos aquelas relacionas coa vivenda, que conforman un 7% do total. Son moitas as persoas que demandan este servizo neste ámbito por temor, ou a certeza, de que se acoden soas non poderán alugar unha vivenda.





Orientación e formación

Oficina de información en materia de estranxeiría

Este servizo configúrase como un programa especializado e complementario con respecto á intervención do/as profesionais de distintos ámbitos (familiar, vivenda, educativo-formativo, cultural e de lecer, sanitario, servizos sociais, laboral, xurídico-administrativo), co obxectivo de integrar ás persoas inmigrantes e/ou minorías étnicas na sociedade e favorecer a convivencia intercultural.

O punto de partida do programa radica nas Oficinas de Información e Denuncia en materia de estranxeiría, cuxa misión fundamental é facilitar o acceso aos dereitos básicos ás persoas estranxeiras e a quen pertenza a minorías étnico-culturais. Referímonos aquí a todas aquelas solicitudes vinculadas ao exercicio doutros dereitos

fundamentais, tales como: o acceso á xustiza, á educación, á asistencia sanitaria etc.. Dita intervención posúe un carácter complementario e/ou subsidiario. É dicir, na medida en que existan outros axentes sociais mellor situados ou competentes para responder ás mesmas, a OID limitarase á súa derivación. En calquera caso, a OID tomará en conta o grao de accesibilidade dos mencionados recursos, sempre axustando o seu nivel de intervención ás necesidades específicas de cada individuo.

Durante o ano 2017 o noso servizo

traballou

esencialmente na área metropolitana

da Coruña,

comprendendo

os concellos da

Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Cambre, Sada, Betanzos, Laracha, Bergondo e Carral. Este servizo desenvolveuse na maioría dos casos como



un servizo principal e iniciador de numerosas solicitudes, sobre todo, en materia de permisos de residencia e asistencia sanitaria. Noutras ocasións, o servizo foi complementario na resolución de cuestións ou conflitos derivados por outras entidades ou organismos públicos, asumindo a tramitación subsidiaria dos procedementos necesarios para a súa corrección. Atendendo á materia especializada ante a que nos atopamos e ao denso estudo que cada procedemento pode levar, a atención realizouse de forma organizada, mediante o servizo de cita previa para unha primeira entrevista coa asesora xurídica. Posteriormente, expostas as necesidades polo/a demandante do servizo, procedeuse ao estudo do caso concreto concertando unha segunda cita que na maioría dos casos iniciaba o trámite necesario ou propoñía a posible vía de solución desde o noso entendemento. Dentro do noso programa de Servizo Xurídico en Estranxeiría, estableceéronse unha serie de obxectivos, entre os que cabe salientar:




- Facilitar os procesos de inclusión social ás persoas estranxeiras de terceiros países, a través da apertura de puntos de asesoría xurídica que traballen atendendo á perspectiva de xénero.
- Mellorar os procesos de integración por medio do coñecemento de dereitos en materia de estranxeiría.
- Defensa dos casos de vulneración de dereitos fundamentais.

Existe un grande número de inmigrantes que chegan á nosa comunidade coa necesidade de tramitar correctamente o seu permiso de residencia, así como o dos seus familiares. Na meirande parte dos casos, por non dicir nun 90% dos mesmos, descoñecen cales son os seus dereitos e canto menos cómo facer efectivos os mesmos. A lexislación dun país a outro é totalmente diferente, e a miúdo, a información que posúen é errónea e/ou non axustada á realidade. Outros moitos, a pesar de levar anos en España, teñen a necesidade de contar cun asesoramento que lles guíe na tramitación adecuada dos seus permisos, da solicitude e revisión da documentación necesaria para a apertura do seu trámite ou como recurrir ante un caso de denegación.

No desenvolvemento deste servizo detectouse a grande demanda por parte da poboación estranxeira dun asesoramento especializado en

materia de estranxeiría, así como doutros dereitos fundamentais (vivenda, sanidade, educación, etc.). Recóllese esta necesidade como reflexo da insuficiencia dos servizos públicos que por norma xeral non alcanza para dar unha resposta efectiva a estes grupos. No gráfico pódese apreciar o aumento de demanda do noso servizo desde que se iniciou, no mes de outubro, e até finais de ano.


Tipoloxía das intervencións por meses



Ademais deste asesoramento relativo os permisos de residencia, cómpre destacar aquelas consultas centradas na tramitación do cartón sanitario, solicitude que na maioría dos casos resulta denegada pola nosa

administración. O noso papel foi fundamental na difusión do Programa galego de Protección Social de Saúde Pública, informando sobre os seus requisitos e a tramitación do mesmo, así como na tramitación de recursos en casos de denegación da súa inclusión.

Tipoloxía das intervencións
Total




Na Coruña destináronse **120 horas** durante os meses **de outubro, novembro e decembro, isto é, o** tempo de vixencia deste servizo, mostrándose a todas luces insuficientes na nosa apreciación as horas establecidas para o servizo. Reiteramos que a alta demanda deste servizo implicou moitas máis horas que as realmente planexadas para o

mesmo. A responsabilidade da atención do servizo de asesoramento xurídico recaíu nunha avogada colaboradora que contou en todo momento co apoio de compañeiras da nosa entidade.

En total atendéronse a **36 persoas** nos meses de **outubro, novembro e decembro**. Tal e como se amosa na gráfica, o 50% das persoas atendidas foron mulleres.

PERSOAS PARTICIPANTES DESGREGADAS POR XÉNERO



PRIMEIRA ATENCIÓN E DERIVACIÓN DE POBOACIÓN INMIGRANTE. (Servizo de atención integral)

Este servizo de primeira, e inmediata, atención enmárcase dentro da Federación estatal de SOS Racismo, é préstase na entidade a toda a poboación inmigrante que o demanda. Nel trátase de facilitar o acceso aos dereitos básicos ás persoas inmigrantes que acoden á nosa entidade.

Dereitos fundamentais tales como son o acceso á xustiza, á educación, á asistencia sanitaria, a prestacións, etc.

Durante o 2017 realizouse este servizo na Coruña e Vigo.

A nosa intervención ás veces tivo un carácter complementario ou subsidiario. É dicir, na medida en que existían outros axentes



sociais mellor posicionados e/ou competentes para responder ás mesmas, desde o servizo limitámonos á derivación.

Tratouse de responder os problemas que o propio usuario expuña durante a entrevista, sen prexuízo da detección de situacións de discriminación ou outras específicas (trata, violencia etc.) que poden existir independentemente do feito de que sexan recoñecidas como tales por quen as sofre obxectivamente, e de que en ocasións se derivasen a outras organización ou recursos especializados

Os obxectivos deste servizo foron:


- Facilitar os procesos de inclusión social a persoas estranxeiras a través da apertura de puntos de información/asesoría xurídica, desde unha perspectiva de xénero.
- Mellorar os procesos de integración a través do coñecemento do dereito de estranxeiría.
- Defensa de casos de vulneración de dereitos fundamentais.

Aínda que este servizo estivo financiado polas administracións públicas para a localidade de A Coruña e sempre destinadas para persoas que tiñan permiso de residencia e/ou traballo, detectamos que acoden a nós un grande número de persoas migrantes que, aínda estando en situación

irregular, presentan iguais demandas, ou superiores, para saber cómo acceder a determinados servizos e garantir a non vulneración dos seus dereitos. Persoas que foron atendidas igualmente.

As demandas principais xiraron arredor de dúbidas de estranxeiría, centrándose, por exemplo, nas inquiredanzas sobre cómo acceder á obtención da nacionalidade española despois dos últimos cambios na Lei, e nos trámites para a renovación de diferentes tipos de residencia, incluída a solicitude de arraigo social, asociado ao permiso de residencia e traballo de persoas que viven na nosa comunidade dende fai moitos anos e que debido ao restrictiva que é a Lei de Estranxeiría, non dan conseguido adquirir os devanditos permisos.


Tipoloxía das demandas. (A Coruña)



Así mesmo, como podemos ver na gráfica inferior, a demanda do servizo ten sido practicamente paritaria entre ambos sexos.

Na Coruña facilitouse este servizo de forma continuada de luns a xoves

Persoas participantes no servizo. Desagregación por sexo



durante todo o ano, adicándolle un total de **1.040 horas**. Este traballo foi levando a cabo pola técnica en Integración Social responsable do proxecto, sempre co apoio do resto de persoal técnico da entidade.

En *Vigo*, ao non dispor de financiación pública, este servizo foi desenvolto polo persoal técnico voluntario un día a semana en horario de tarde, dispensando un total de **96 horas** de asesoramento.

Competencias clave

A dificultade para homologar os estudos obtidos no país de orixe, así como a dificultade de acceso e oferta pública de formación continuada para acadar una acreditación de competencias nos casos de persoas en situación administrativa irregular, impulsounos en 2017 a abrir esta vía de formación que tanta demanda presentaba. Esta formación vai orientada a incrementar os niveis de empregabilidade das persoas inmigrantes e acreditar ou mellorar as competencias básicas requiridas para obter os certificados de nivel 2 ou nivel 3 en competencias clave .

Ao longo do ano 2017 realizamos 4 formacións dentro desta área. Durante o primeiro trimestre do ano realizáronse tanto en Vigo como en Coruña unha edición da formación en competencias clave N2, dun total de **380 HORAS**, cunha participación total de **24 PERSOAS**. Un 75 % das persoas participantes presentarónse as probas



levadas a cabo en Silleda, obtendo a acreditación de competencias clave N2 o 100% delas na convocatoria 2017.

No desenvolvemento das sesións intentouse incrementar a motivación dos asistentes introducindo contidos das probas libres da ESO, participando nesta proba o 50% das persoas participantes na edición da Coruña e obtendo o título de Graduado escolar a metade das persoas que se presentaron. Tamén aproveitamos estas sesións para facilitar axuda

para a superación do exame de nivel B2 de español e A2 para aquelas persoas que así o demandaron.

Ante a ampla demanda do servizo, en Xullo de 2017 comezamos unha

segunda edición na Coruña, onde traballamos non só o nivel 2, senón que ampliamos a oferta formativa a o nivel 3. Esta edición abarcou dende o mes de xullo até finais de novembro, e nela invertimos máis de **200 horas** formativas nas que participaron **16 persoas**.



Funcionamento e características da sociedade de acollida

Esta actividade formativa estivo destinada a persoas migrantes da cidade da Coruña e a súa área metropolitana, na que se compartiron coñecementos, conceptos e ferramentas que facilitaron a estas o seu proceso de inclusión efectiva e dinámica na vida social, económica e cultural da comunidade.

O obxectivo principal desta formación é a obtención do Informe de esforzo de integración, o cal, trátase dun informe que emite a Comunidade Autónoma ante a solicitude dun cidadán/a estranxeiro/a que desexa:

- ✓ Renovar a súa autorización de residencia temporal non lucrativa
- ✓ Renovar a súa autorización de residencia temporal por reagrupación familiar.



- ✓ Renovar a súa autorización de residencia temporal e de traballo por conta propia ou allea.

Este informe non ten que presentarse obrigatoriamente, pero pode ser alegado pola persoa estranxeira en caso de non acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos previstos para a renovación da autorización e, por ende, será tido en conta como información a valorar pola oficina de estranxeiría. O motivo principal polo cal promocionamos dita actividade é afrontar as dificultades que están a haber nos últimos anos nas renovacións de permiso de residencia por mor da situación económica e a falta de oferta de traballo.



Durante o ano 2017 leváronse a cabo **dúas edicións** na sede da Coruña, contando cun total de **16 participantes** os cales obtiveron **40 horas** de formación en áreas como o coñecemento dos valores constitucionais de España, os valores estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia, os valores da Unión Europea, os dereitos humanos, as liberdades públicas, a democracia, a tolerancia e a igualdade entre mulleres e homes, así como a aprendizaxe das linguas oficiais do lugar de residencia.

Nacionalidade

Desde finais de 2015 o acceso a obtención de nacionalidade dificultouse aínda mais, promovendo desde as institucións a perpetuación dunha cidadanía de primeira e de segunda clase. Neste senso, estableceuse que para dito acceso a persoas de orixe estranxeira tiveran que acreditar mediante un exame oficial os seus coñecementos da lingua



española (Nivel A2), así como unha proba de coñecementos constitucionales e socioculturales de España (CCSE). Aos esforzos de tempo e vontade que supoñen ditas probas, as cales probablemente non superaría a meirande parte de poboación autóctona, sumáse o custo destas que pode chegar a superar os 300 €.

Ante esta situación, desde SOS Racismo Galicia, entendimos que era preciso axudar a superar estas probas á poboación extranxeira como ferramenta de promoción e acceso a igualdade de dereitos, razón pola cal se acordou realizar formacións específicas para a súa obtención.

Durante o ano 2017 impartíronse diversas actividades formativas, algunhas subvencionadas e outras desde o voluntariado e activismo.



Teatro aplicado

Esta iniciativa foi froito da proposta de SQUARE e do profesor da formación, Marcos Sánchez Armesto, mediante o financiamento por parte de La Caixa.

O Teatro Aplicado baséase nunha iniciativa dirixida principalmente ás persoas participantes nos diferentes programas de SOS Racismo Galicia, mais tamén aberta a todas aquelas persoas que a considerasen do seu interese, como un espazo propio onde experimentar e adquirir diferentes habilidades a través da disciplina artística do teatro.

No encontro dramático sempre hai unha implicación que resulta transformadora. Iso é debido á profunda comprensión, o goce, a toma de conciencia da propia identidade, a alternativa de perspectivas ofrecidas e o desenvolvemento do sentido artístico que xorde durante este proceso de implicación.

Esta é a esencia da PEDAGOXÍA TEATRAL: promover o cambio no ámbito persoal e social desde a acción e a reflexión.

Con esta actividade pretendeuse:

- Tomar conciencia das propias capacidades.

- Fomentar e desenvolver a psicomotricidade.
- Fomentar e desenvolver a autoestima.
- Inculcar hábitos de empatía e traballo en equipo.
- Fomentar espazos de encontro e lecer interculturais.

Durante o ano 2017 levarónse a cabo dúas edicións. O primeiro curso realizouse entre o mes de maio e xullo, e o segundo, entre os meses de



setembro a novembro. Ambos os dous foron impartidos no centro cívico Novoboandanza, espazo cedido polo Concello da Coruña. Ao longo destes cursos participaron un total de 15 persoas (66 %homes-34% mulleres)

Este obradoiro serviu para constatar a situación de desprotección dun colectivo (principalmente novo) que ten unha enorme capacidade de

asimilación acompañada dun grande desexo de achega á sociedade na que se atopan. O uso do Teatro Aplicado a través da Pedagogía Teatral

evidenciou esa falta de lóxica social cara a este heteroxéneo colectivo de diferentes talentos e capacidades de adaptación. A enorme necesidade de comunicación, de compartir, de comprensión e de progreso favoreceu o desenvolvemento deste obradoiro. A súa particular empatía, predisposición a profundar de maneira lúdica en si mesmos e nos seus compañeiros, favoreceu a aceptación da Pedagogía Teatral para afrontar os pros e contras da súa situación socio-laboral. Malia a limitación do tempo de duración do obradoiro, concluímos (uso a primeira persoa do plural debido a que dedicamos a última sesión para expor as vantaxes da Pedagogía Teatral) que o método é motivador, inclusivo, liberador, lúdico, próximo e sobre todo eficaz.

Lecer cultural



No ano 2017 tamén tivemos a oportunidade de coñecer un pouco mellor a cidade da Coruña e os seus museos, e mesmo poidemos disfrutar en

compañía do alumnado participante nas diferentes formacións da entidade de estas interesantísimas e enriquecedoras experiencias.



Concienciación

Muller e Islam

Con esta nova liña de actuación que se puxo en marcha no 2017 dentro do marco da Federación de SOS Racismo do Estado español, pretendouse contribuír a combater a utilización da islamofobia como ferramenta discriminatoria contra as mulleres, a través de 4 accións:

Creación de grupos de mulleres musulmás para a participación Social:

Esta foi a actividade principal do proxecto e que daba sentido ás seguintes fases, xa que a intención non era só pór o foco sobre unha realidade, senón que aspirabamos a achegar a esta poboación aos procesos de inclusión social a través da participación comunitaria.

Esta reflexión parte da necesidade de visibilizar a voz e a luz dunha poboación descoñecida e en penumbras por culpa dunha tripla presión social: a eurocéntrica, a do heteropatriarcado e a dos sistemas de socialización dos países de orixe. Todo iso suscita rumores, estereotipos que non axudan á súa integración social, laboral ou comunitaria.

Pero sen caermos en inxenuidades, e malia este evidente punto de partida, foi necesario ter en conta nese proceso de participación de mulleres musulmás a interseccionalidad nas múltiples opresións que dificultan este proceso de inclusión e participación social. Por este motivo, a creación de grupos de traballo e empoderamiento de mulleres musulmás resultou imprescindible para fomentar a súa participación como protagonistas nas seguintes fases do proxecto que incluíu un autoanálisis explorativo dos elementos que estas mulleres traballaron en grupo e individualmente para achegarse aos sistemas de participación locais, así como un itinerario formativo.

Realizáronse diversos espazos de encontro nas localidades de A Coruña, Vigo e Arteixo, superando as **80 mulleres participantes** durante todo o proceso.

Realización do seminario “Islamofobia desde a perspectiva de xénero”

A intención foi que, unha vez incorporados as ferramentas básicas e desenvolvidas as habilidades da primeira fase, se poidera pasar a unha segunda fase na cal organizar, desde o grupo, un seminario que se levou a cabo en Donostia durante o 6 e 7 de outubro e que xirou ao redor dos seguintes temas;

- ✓ Conversas entre feminismos;
- ✓ A imaxe mediática da muller musulmá e a islamofobia;
- ✓ Discursos e políticas discriminatorias en relación ao Islam/Muller;



Desde Galicia acudiron ao congreso en Donostia **8 mulleres** participantes no proceso. Aínda que existía a posibilidade de financiar na súa totalidade

os gastos de desprazamento e manutención durante todo o congreso, a conciliación familiar foi un dos maiores impedimentos para acudir en a Donostia, amosando unha vez mais as dificultades que temos as mulleres para exercer o noso dereito á participación social.

Elaboración e difusión de publicación e guía de propostas para a acción..

As conclusións, propostas e relatos xurdidos dos grupos de discusión e do plenario recollerónse nunha publicación distribuída en formato electrónico dispoñible en 3 das linguas co-oficiais do Estado: español, galego e euskera a través da páxina web.

Ademais da reflexión teórica sobre os procesos de participación de mulleres migrantes musulmás, os grupos de mulleres locais e de expertas participantes no seminario elaboraron de forma conxunta (como última fase do proceso de integración) unha guía de propostas para a intervención social en procesos de inclusión de mulleres a través da participación. Do mesmo xeito que no caso anterior, o papel protagonista tiverono as persoas que participaron desde a fase cero no deseño desta guía



didáctica, que utiliza como fío condutor extractos dos encontros locais que tiveron os diferentes grupos participantes. Deste xeito, pódese ver na guía como as mulleres participantes van incrementando a súa participación social, a súa confianza a través da co-organización de actividades con importante proxección social local, e a adquisición dunha imaxe protagonista dentro do proxecto.

Lugar de execución: Gipuzkoa, Galicia.

"Discriminación e Delitos de Odio: Análise e ferramentas para a detección e intervención"



A necesidade de formación de profesionais ou futuros profesionais do sector social na

detección e intervención ante casos de discriminación ou delitos de odio, impulsounos a realizar esta xornada que se levou a cabo no mes de abril na Facultade de Dereito da UDC, en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado da universidade e na que participaron 25 persoas (21 mulleres e 4 homes).

Nesta xornada poidemos escoitar unha interesantísima introdución á discriminación e aos delitos de odio, por parte de Mikel Mazkarian (Avogado e Secretario da Federación de SOS Racismo do Estado español) e de Mª Dolores Ramírez Gordillo (Fiscal de Delitos de Odio na Coruña), seguido dun obradoiro dinamizado polo propio Mikel, que nos axudou a coñecer un pouco máis as ferramentas que temos a nosa disposición para actuar ante este tipo de casos.

Feira polo Día do Comercio Xusto

O equipo de SOS Racismo Galicia en Vigo, como entidade



membro da Rede Social Galicia Sur, tamén estivo no último fin de semana de maio na feira que organizou a Rede polo “Día do Comercio Xusto”, coa fin de amosar a nosa repulsa o sistema capitalista que empobrece os países do sul, e exixirmos diferentes formas de comercio mais xustas e respectuosas.

Día Internacional contra a Discriminación Racial.

Dentro do marco do Día Internacional contra a Discriminación Racial, en Galicia levamos a termo actividades en A Coruña e Vigo.

Documental “Kër” (A Coruña)

No ano 2017, con motivo do día 21 Marzo, *Día contra a Discriminación*

Racial, desde SOS Racismo Galicia quixemos compartir o documental realizado por Diana Rodríguez Mata, “Kër” mediante a súa



presentación e posterior charla coloquio.

Este documental narra a historia de tres persoas de orixe senegalés, que deixaron o seu país, cunha maleta chea de soños e esperanzas, en busca dun mellor porvir.

O obxectivo desta reportaxe foi dar voz á minoría inmigrante e, en particular, aos vendedores/as ambulantes presentes nas rúas da Coruña.

A súa proxección foi un momento moi emotivo e intenso. Primeiro, por ver como protagonistas do documental e compañeiros que estaban contando a súa experiencia á sociedade e decidindo de forma activa participar neste documental para trasladar a realidade das persoas que se adican a venda ambulantes. E segundo, a superación de todas as expectativas, tanto a nivel cualitativo como cuantitativo en relación cunha asistencia moitísimo maior da esperada e unha participación activa no coloquio de persoas migrantes e racializadas que querían expresar libremente a súa opinión.



Festa Intercultural (Vigo)




Dentro do marco do Día Internacional contra a Discriminación Racial e xunto con Diversidades e Associação de Amigos do Brazil, tivemos o pracer de compartir unha tarde chea de xogos, música, gastronomía e cultura con compañeiros e

compañeiras de diversas nacionalidades e recoñecendo a riqueza que nos aporta a diversidade.

Arte-llando Igualdades Participativas

O pasado mes de marzo tivemos a oportunidade de participar na xornada “Arte-llando Igualdades Participativas”



MEMORIA 2017

organizada polo Grupo Traballo Social e Xénero do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, que se celebrou na Facultade de Filosofía de Compostela presentando o proxecto *Muller e Islam*. Esta xornada tiña como principal obxectivo procurar un achegamento á perspectiva interseccional, ampliando a análise e, consecuentemente, os modos de intervención, sobre cómo interactúan e se reforzan diferentes formas de desigualdade e de opresión.

Un migrante na rúa

SOS Racismo Galicia acolleu na súa sede social da Coruña, desde o 15 de febreiro ata o 15 de marzo, a exposición fotográfica colectiva e itinerante *Un*



migrante na rúa. Baixo este lema, 25 persoas achegáronnos, a través das súas imaxes, a súa visión e a súa homenaxe ás migracións, á interculturalidade e á diversidade. *Camiños invisibles*, *Adiante!*, *Espertando soños* ou *Mulleres do Mundo* son algunhas das obras que se poideron ver nesta mostra, ela mesma migrante, que recalou en SOS Racismo na súa sexta parada na cidade.

Desde SOS Racismo compartimos a convicción de que a arte, linguaxe universal, co seu poder de atracción e a súa capacidade para expresar, transmitir e provocar emocións, pode ser unha poderosa ferramenta para a transformación social, tamén no ámbito das migracións. É un vehículo privilexiado para transmitir experiencias, xerar empatía, propiciar o encontro e o recoñecemento, favorecer a visibilización de diversas realidades ou promover o empoderamento e a mobilización individual e colectiva.

Esta exposición naceu da colaboración entre **Migrantes**, un proxecto que reúne persoas de diversos ámbito cun interese común na interculturalidade e nas artes como ferramenta para a inclusión, e **Square**, un espazo —en palabras dos seus propios promotores— xerador e de acollida de iniciativas sociais, artísticas, educativas e formativas. Polo camiño, foron sumándose esforzos, creatividade e

ilusións das persoas autoras das imaxes, de numerosas organizacións da cidade que amadriñaran, cada unha, unha fotografía, das entidades que acollen a exposición como resultado final deste grande e fermoso proxecto colectivo e de todo o público que se achegou a disfrutar, reflexionar, indignarse ou emocionarse con cada unha destas pequenas-grandes obras de arte.

A migración desde África do Oeste a Europa, máis alá das razóns económicas




O pasado 16 de outubro, no Ateneo Ferrolán, e organizado polo Foro Galego de Inmigración e Esquerda Unida, tivemos oportunidade de participar nesta mesa para volver a deixar claro que a migración é un dereito, así como falar que esta é consecuencia na maioría dos casos

das políticas e das actividades expoliativas sobre os países do sur e o enriquecemento do norte en detrimento daqueles.

Dereito á Saúde para as persoas migrantes

Porque o dereito a saúde é un dereito fundamental recollido na Declaración Universal dos DD. HH. da ONU, entendemos que é preciso apoiar e promover o coñecemento dos dereitos das persoas a través da información e da formación. É por esa razón que un ano máis, colaboramos ca asociación Médicos do Mundo en Galicia, cao fin de achegar información e facilitar o acceso ao dereito á saúde a toda a cidadanía.



Denuncia social e Incidencia política

De nada serviría o traballo que facemos de cotío na detección e resolución de vulneracións de dereitos se non trasladáramos estes á sociedade e ás administracións, para a busca de solucións que vaian máis aló do asistencialismo (resolución individual dos casos) e se convirta en activismo na exixencia de respecto e cumprimento de dereitos. É por esa razón que durante o ano 2017 traballamos na denuncia social e procuramos incidencia política (algunhas impulsadas por SOS Racismo Galicia, e outras en colaboración con outras redes ou plataformas) nas seguintes áreas ou cuestións:

Asilo e refuxio

Á proliferación de fronteiras, de valos e de aramados; ao abandono dos nosos principios e os nosos dereitos; á política do despropósito; ás excusas perante as cotas de acollida, dicimos NON.

Durante o ano 2017 a nosa principal participación nesta área foi:

- ✓ Participación na manifestación organizada pola plataforma Benvidas Refuxiadas Galicia realizada o 26 de febreiro en Vigo.



- ✓ Acampa
Porque, como moitas veces vos temos dito, unha das premisas de SOS Racismo Galicia é o traballo en rede. Por dito motivo, no 2017 acordamos formar parte de **Acampa** e apoiar as diferentes actividades levadas a cabo. Esta é unha iniciativa cidadá sen fins

de lucro integrada por colectivos sociais, culturais, educativos, veciñais, políticos, sindicais, artísticos, de persoas solidarias, de institucións e empresas con responsabilidade social, que ten como obxectivo a defensa dos dereitos humanos, o Dereito Internacional Humanitario e o Dereito ao Refuxio e á promoción da participación e a implicación. Acampa busca abrir un espazo de encontro para achar respostas colectivamente e profundar nas causas dos acontecementos, sempre abertos a contrastar a información.

Durante o ano 2017 a principal actividade levada a cabo, entre outras, foi o campamento celebrado entre o 15 e o 17 de xuño nos Xardíns de Mendez Nuñez, na Coruña, onde a través de diversas charlas, dinámicas e performances, se tratou de achegar a cidadanía a realidade e dificultades das persoas refuxiadas.



- ✓ Participación na concentración “Queremos acoller”, realizada na Avenida da Marina, na Coruña, o 30 de setembro e convocada pola Rede Galega de Persoas Refuxiadas, para denunciar o incumprimento do Acordo por parte do Estado Español e do resto da UE, en relación á acollida e o reasentamento de persoas refuxiadas.

Semana de loita contra as fronteiras

Fronte a violencia patriarcal, autoorganización e apoio mutuo no emprego do fogar. Nos últimos cinco anos o Foro Galego da Inmigración, plataforma da que formamos parte de forma activa, adica unha semana a visibilizar as fronteiras que separan as persoas migrantes do conxunto da poboación, restrinxindo o seu acceso a dereitos e liberdades.

Nese traballo de sensibilización, abordáronse tanto as fronteiras exteriores e os mecanismos represivos da política migratoria española, como tamén outras barreiras moito mais sutís ou que permanecen invisíbeis para a meirande parte da cidadanía.

Desta volta focalizouse nas fronteiras no acceso a dereitos laborais, en concreto nun sector maioritariamente ocupado por mulleres migradas

como é o emprego do fogar e dos coidados. No Estado Español o 90 por cento das empregadas do fogar e dos coidados son mulleres; e delas, un



46,7 por cento delas teñen tras de si unha historia de migración.

Da man de traballadoras organizadas nun espazo autónomo tivemos a oportunidade de coñecer a súa experiencia e o seu proceso de autoempoderamento, así como a labours que están a facer en espazos de coordinación estatais para derrubar as fronteiras no acceso a dereitos laborais e sociais.

Desde esas redes de coordinación estase a desenvolver unha intensa campaña pola ratificación por parte do estado español do Convenio 189,

elaborado pola Organización Internacional do Traballo no ano 2013. Este establece que as empregadas do fogar deben gozar dos mesmos dereitos laborais que os demais sectores, o que abriría a porta para acadar o recoñecemento da prestación por desemprego. Unha discriminación maiúscula que dá boa mostra da violencia estrutural, económica e laboral que recae sobre esas traballadoras, aproximadamente unhas seiscentas mil no conxunto do Estado. Tamén de como os traballos que reproducen e sustentan a vida cada día seguen a ser considerados de segunda categoría, relegados á esfera do privado, sin recoñecemento, nin regulación, nin tampouco responsabilidade social sobre as condicións nas que se realizan.

Polo tanto, a Semana de Loita contra as Fronteiras enmarcouse desta volta no contexto de denuncia das violencias machistas. Á discriminación no acceso á protección social, súmanse a falta de contrato e alta na Seguridade Social, as restriccións para acceder a unha baixa laboral ou a dificultade para que se lles recoñezan accidentes de traballo e doenzas profesionais, a non retribución de horas extras, a falta de respecto dos tempos de descanso e de intimidade nos domicilios, o asedio sexual, entre outras.

Mais fronte á discriminación e á explotación, unión. Esta é a resposta que lle están a dar as nosas convidadas á maraña de violencias á que están sometidas as traballadoras do fogar e de coidados. Acompañáranos Jacqueline Loayza e Roxana Gutiérrez da Asociación Sociocultural NOSOSTRAS por los cuidados y el empleo de hogar de Granada, que nos van falar de primeira man do seu proceso organizativo, das súas loitas, soños e enredos. Debido ao pouco tempo que poden arrebatarnos das súas xornadas laborais e vidas atribuladas, este ano os actos da Semana de Loita contra as Fronteiras concentráranse en dous días. Dous días intensos como as mulleres que nos visitan, nos que amosarán que a autoorganización e o apoio mutuo son ferramentas fundamentais para construír vida dignas, plenas, en liberdade e sen violencia.

Programa:

A CORUÑA. Venres 24 de novembro. 19:00 horas. R/ Monasterio de Caaveiro 4 (Local Ong Viraventos)

Mesa redonda “SEN NÓS NON SE MOVE O MUNDO”. Coa participación da UAMI (Unidade de Asesoramento de Migracións) do Concello da Coruña), Roxana Gutiérrez (Asociación Nosotras), Fundación Juan Soñador (Programa Teranga) i Ecos do Sur (Proxecto Ecolimp).

FERROL. Venres 24 de novembro. 19:30 horas. Ateneo Ferrolán

Mesa redonda “DEREITOS E ABUSOS NA EMPREGADA DO FOGAR”. Con Jacqeline Loayza (Asociación NOSOTRAS), Luca Chao e Saínza Ruiz.

COMPOSTELA. Sábado 25 de novembro. 17:00 horas. Casa do Matadoiro

Conversatorio “SEN NÓS NON SE MOVE O MUNDO. Auto organización e apoio mutuo nos coidados e emprego do fogar”. Dinamizan as compañeiras da ASOCIACIÓN NOSOTRAS.

Criminalización da venda ambulante.

SOBREVIVIR NON PODE SER DELITO

POLO ARQUIVO DE SANCIÓN POR FALTA DE LICENZA ADMINISTRATIVA A VENDEADOR AMBULANTE

No pasado mes de febreiro, o Concello da Coruña notificou a diversos veciños da nosa cidade, vendedores ambulantes todos eles, propostas de sanción de **1.500 €** por non dispoñer de licenza administrativa para o exercicio da venda ambulante.

O día 28/08/2016 M.F. atopábase na Rúa Real ofertando paraugas e sombreiros (previamente mercados en comercios maioristas da cidade) para poder obter uns mínimos ingresos que lle permitisen subsistir a el e



máis á súa familia, cando axentes da Policía Local da Coruña procederon a identificalo e retirarlle a mercancía. Uns días despois dita mercancía, segundo o procedemento, foille devolta na comisaría local ao non tratarse de mercancía falsificada.

Cinco meses despois, cal é a súa sorpresa, cando chega ao seu enderezo unha proposta de sanción de 1.500 € do Concello da Coruña por exercer a venda ambulante sen licenza administrativa.

Desde SOS Racismo Galicia insistimos na idea de que SOBREVIVIR NON É DELITO. Entendíamos que o goberno local da Coruña, que desde a Concellería de Igualdade e Diversidade, declaraba A Coruña como Cidade de Acollida, aló polo mes de abril de 2016 (Entrenós, 07/04/2016), faría os maiores esforzos para evitar a represión dos colectivos de persoas migrantes que se dedican á venda ambulante, así como para buscar alternativas que lles permitisen ter unha oportunidade para gañarse a vida na nosa cidade.

Tamén queremos lembrar que programas nesta liña, como o presentado o pasado mes de maio de 2016 aos medios de comunicación, o chamado plan PIPE (Programa para a Identificación Policial Eficaz), cuxo obxectivo é traballar directamente para que, entre outras cuestións, a policía local da cidade fixese “identificacións eficaces e efectivas e servise para previr delitos de odio ou para xestionar o traballo cos colectivos diversos da cidade”, non poden quedar en meras políticas cara a galería e premios, que con respecto ao tecido asociativo resumíronse a unha mera reunión de presentación da plataforma, e outra reunión de acordo de participación. Un ano despois atopámonos que este programa non está a

servir para evitar as abusivas intervencións policiais contra colectivos de persoas inmigrantes en distintos puntos da cidade, tales como a rúa Real en agosto e decembro, ou recentemente na praza de San Agustín.

Non cabe máis que exixir responsabilidades políticas ao Goberno Local do Concello da Coruña e expresar a nosa disconformidade co insuficiente traballo que se está a levar a cabo en relación á xestión da diversidade na Coruña, con incumprimento de promesas e falta de propostas e alternativas para que toda a cidadanía teña opcións para gañarse a vida ou mínimamente para sobrevivir.

Por todo isto, unha vez máis solicitamos ao Concello da Coruña o arquivo de dita sanción e reiteramos a repulsa absoluta ante calquera tipo de política que criminalice o dereito a subsistir das persoas.

Porque sobrevivir NON É DELITO!

Racismo Institucional

Durante o ano 2017, en colaboración ca asociación Viraventos ONG e Fundación Juan Soñador Teranga, a través do FGI, elaborouse e presentouse á Xunta de Galicia, un Informe sobre a **regulación do procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantí 0-3,**

dependentes da axencia galega de servizos sociais e do consorcio galego de servizos de igualdade e benestar; e, sobre as bases que rixen a concesión da axuda económica, a través da tarxeta “benvida”, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2017, despois de detectar en diversas ocasións, que nais nacionais ou en situación administrativa regular con crianzas menores nacionalizadas ou regularizadas, atopábanse excluídas ou prexudicadas no acceso a estes dereitos sociais, por estaren os proxenitores en situación de irregularidade administrativa.

O obxecto deste informe centrábase na determinación dunha serie de documentación esixida as persoas solicitantes das prazas nas escolas infantís de 0-3 anos, así como as solicitantes da axuda económica a través da Tarxeta “Benvida”, impedindo inxustamente o acceso a unha grande parte da cidadanía, ao obligar ao cumprimento dunha sorte de requisitos non recollidos expresamente na normativa que regulaba as devanditas axudas.

Islamofobia e identificacións por perfil étnico

O pasado 5 de outubro unha parte do equipo de SOS Racismo Galicia, concretamente oito mulleres, comezaron a súa viaxe cara o Congreso

sobre Islamofobia de Xénero, organizado pola Federación de SOS Racismo do Estado Español e celebrado na cidade de Bilbao.

Unha vez no control de seguridade do aeroporto da Coruña, a punto de comezar a travesía, dúas das persoas do grupo foron apartadas para realizarlles un control “aleatorio” das súas pertenzas. Isto, nun principio, non parece un acontecemento fóra da normalidade, a non ser que atendamos ao detalle de que as dúas mozas separadas eran as únicas portadoras de hiyab. Poderíamos considerar este feito como unha casualidade, mais á volta do congreso repetiuse a mesma *coincidencia*. No control de seguridade, esta vez do aeroporto de Bilbao, as dúas únicas rapazas do grupo co pelo tapado polo hiyab foron sometidas a un exame, de novo “aleatorio”, de explosivos.

Resulta paradoxal que o congreso ao que acudiu o equipo de SOS Racismo versara precisamente sobre o acontecido na viaxe, isto é, sobre as prácticas discriminatorias que reforzan os prexuízos e os estereotipos que pesan sobre as persoas musulmás. De oito mulleres, dúas foron apartadas por levar o pelo tapado, ou o que é o mesmo, dúas mulleres foron sinaladas como sospeitosas por levar un pano cubrindo parte da súa cabeza.



Utilizar o hiyab como método de detección de posibles persoas sospeitosas vulnera todos os dereitos do ser humano, en concreto, das mulleres musulmás que deciden utilizar esta prenda. O acaecido nos aeroportos de Bilbao e A Coruña son actos de islamofobia, comportamentos abusivos e ofensivos que, a forza de seren repetidos, están xa fixados na sociedade que chega a percibir estes feitos como algo normalizado.

Aena, como entidade responsable dos aeroportos en territorio español, xa ten constancia formal da nosa queixa, que foi interposta o día 26 do pasado mes de outubro. Sen embargo, como organización na procura da erradicación do racismo, dunha sociedade libre e respectuosa na que todos teñamos cabida, queremos tamén reclamar xustiza. Xustiza social para as nosas compañeiras que viaxaban coa organización para asistir a un congreso e foron criminalizadas pola súa relixión; xustiza para todas aquelas persoas que son estigmatizadas día tras día na nosa sociedade pola cor da súa pel ou polo seu lugar de procedencia.

Unha vez máis, gustaríanos lembrarlle ás institucións, tanto públicas coma privadas, que é unha flagrante vulneración dos dereitos dos seres humanos a utilización da procedencia, orixe, a cor da pel ou ascendencia como motivo para someter ás persoas a rexistros detallados, controis de identidade e investigación, tal e como recolle o informe presentado ao Consello de Dereitos Humanos da Asamblea Xeral das Nacións Unidas do 20 de abril de 2015.




Transparencia

As contas claras


Unha das principais dificultades que teñen as asociacións estriba na velle ao financiamento alleo, principalmente o das administracións públicas. Tal como se pode comprobar na seguinte gráfica, o 90% aproximadamente dos ingresos da entidade proceden da administración pública. Somos conscientes do dilema que isto representa moitas veces dentro do activismo, mais en SOS Racismo Galicia temos moi claro que as nosas loitas e traballo cotiá non se verán amedrentadas nin sesgadas por dita dependencia económica, porque a dignidade é o único que sempre nos quedará.

Financiadores




MEMORIA 2017

Ingresos de SOS Racismo Galicia no 2017




35.468,15

Gastos de SOS Racismo Galicia no 2017





36.081,55



Mboe Moe Doyle

Porque creemos realmente que a eficacia e eficiencia reside no traballo
en rede este ano tecimos lazos con:



MEMORIA 2017